



falaRedes

programa de dinamización lingüística

O RUEIRO DAS LIORTAS

Co outono chega unha nova actividade ao FalaRedes! O programa de dinamización lingüística promovido desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por medio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, presenta unha nova proposta destinada ao lecer de calidade no noso idioma que percorrerá, entre os meses de outubro e novembro, os concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da Xunta de Galicia: O rueiro das liortas.

A nova actividade teatral está inspirada na comedia da arte italiana e no teatro popular que afonda nas relacións de parella e nas dificultades para manter vivo o amor. O dinamismo dos elementos escenográficos que representan diferentes espazos, un actor e unha actriz que interpretan múltiples personaxes e un neno e unha nena que fan valer a súa verdade son os ingredientes para que esta comedia iniciática, vista desde unha óptica feminina, nos ofrezca a súa particular visión dunha realidade na que as persoas teñen por afección meter o nariz onde non as chaman.

Na liña dos espectáculos creados por Elefante Elegante, teatro visual baseado no texto e no movemento, a peza busca a universalidade e fusiona a palabra con outras linguaxes coma o teatro físico, a danza ou as artes plásticas e visuais. Dirixida a todos os públicos desde os oito anos de idade, o obxectivo desta cuarta proposta do FalaRedes 2016 é que a cativada e a mocidade se acheguen ao teatro en lingua galega por medio dunha obra de coidada estética na que as emocións, os afectos, o humor e a palabra van dan man.

O rueiro das liortas poderase gozar, en exclusiva, en dez localidades da RDL. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega (www.lingua.gal) e tamén nas redes sociais do programa.



@Falaredes



Programa Falaredes

O RUEIRO DAS LIORTAS

OUTUBRO

- Sábado 1: **Foz**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Domingo 2: **Vilaboa**, na Casa da Cultura de Riomaior, ás 19:00 h
- Sábado 8: **Brión**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Mércores 12: **Miño**, no Centro Social A Rúa, ás 19:00 h
- Domingo 30: **San Cristovo de Cea**, no Salón Multiúsos, ás 18:00 h



NOVEMBRO

- Sábado 5: **Negreira**, no Auditorio do Centro Sociocultural, ás 18:00 h
- Domingo 6: **Mesía** (en colaboración coa Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes), na Casa da Cultura, ás 18:00 h
- Domingo 20: **Carballedo**, no Salón de Actos do Concello, ás 18:00 h
- Sábado 26: **Barbadás**, na Casa da Cultura, ás 19:00 h
- Domingo 27: **Castrelo de Miño**, no Salón de Actos do Concello, ás 18:00 h

